

Luns 30 de abril ás 21.45 h no Pichel

ElectroClass. Apuntes sobre a xeración de imaxinarios postindustriais desde a televisión [Bilbao como caso de estudo]

(ElectroClass. Apuntes sobre la generación de imaginarios postindustriales desde la televisión [Bilbao como caso de estudio],

María Ruido, 2011, 53', VOSE) Sesión presentada pola directora

DESMEMBRAR A LÓXICA DE PRODUCCIÓN DO REAL

ELECTROCLASS APUNTAMENTOS SOBRE A XERACIÓN DE IMAXINARIOS POSTINDUSTRIAIS DESDE A TELEVISIÓN (BILBAO COMA CASO DE ESTUDO)

Un proxecto de María Ruido e Consonni

“O real é sempre o obxecto dunha ficción, é dicir, dunha construción do espazo onde se unen o visible, o dicible e o factible. É a ficción dominante, a ficción consensual, a que nega o seu carácter de ficción facéndose pasar polo real mesmo e trazando unha simple liña divisoria entre o territorio dese real e o das representacións e as aparencias”.

Jacques Rancière. “Os paradoxos da arte política”
n' *O espectador emancipado* (2008)

Malia xestárense ao longo das décadas anteriores, foi durante os anos 80 cando asistimos aos cambios fundamentais no noso escenario económico, político e social que nos levarían ao que actualmente coñecemos como o capitalismo postindustrial e á disolución das grandes ideoloxías, o que Zygmunt Bauman chamou a “Modernidade líquida”.

Mentres as democracias liberais americanas e europeas levaban ao cabo os seus axustes no marco dos novos procesos coloniais da globalización, e a esquerda tradicional esboroábase perante a decadencia da clase traballadora tal e como se entendía ata os anos 70, o estado español adiababa a súa entrada no proxecto postmoderno debido ao seu illamento e ás rémoras dunha longa ditadura (rémoras que seguen a pesar aínda na actualidade).

Se en Europa e nos EE.UU. será a dereita máis radical a que leve ao cabo os axustes económicos e a que desmantele as estruturas propias da articulación das formas de loita tradicionais (léase Ronald Reagan nos Estados Unidos ou o thatcherismo en Gran Bretaña), en España é o PSOE o que, tras gañar as eleccións xerais en 1982 pódolle, supostamente, o punto final ao proceso transicional, acomete a reconversión industrial e a sufocación e/ou cooptación dos movementos sociais que fixeran posible a recuperación do estado de dereito.

No caso de Euskadi, e máis concretamente en Bilbao, o desmantelamento da industria pesada produce non só a destrución dunha área industrial básica na economía local e estatal, senón tamén o debilitamento das bases sociais que debuxaran as relacións na esfera pública durante todo o século XX. O recambio da antiga economía industrial a unha economía de servizos (á que se lle dera prioridade a instancias da Unión Europea) materializárase coa construción do Guggenheim-Bilbao como punta de lanza, pero en realidade o museo-franquicia non era máis ca unha síntoma do recambio dunha sociedade de produtores por unha de consumidores, onde a masa cognitaria tería unhas condicións materiais de flexibilidade e precariedade, así como unha desarticulación política que a achegarían máis ao que tradicionalmente sería o “lumpen”.

Neste desmembramento das relacións en/do traballo, neste escenario onde o traballo e o ocio/consumo se confunden, e onde os espazos públicos xa non son máis ca territorios de tránsito e compra-venda, é onde situamos a nosa investigación; no repensamento do imaxinario dos e as traballadoras desta economía informacional da que nós formamos parte. Para elo, fixamos especialmente a nosa atención nos axentes e mediadores

da elaboración das memorias colectivas, e entre eles e de forma privilexiada, na televisión como instrumento político de primeira orde no marco da España autonómica.

Se en décadas anteriores artistas e intelectuais miraran a televisión con suspicacia ou curiosidade, pero sempre con interese, coa chegada do vídeo nos anos 70 as relacións coa "nai primixenia" do medio intensificáronse. Desde a coñecida frase "o vídeo non é tv" que esgrimían os máis puristas, ata las experiencias da TV de guerrilla e do vídeo comunitario, pasando polos traballos que artistas e cineastas coma Alexander Kluge, Rainer W. Fassbinder, Harun Farocki, Martha Rosler, Peter Watkins, etc... fixeron para/ sobre a televisión, o medio de masas por excelencia formaba parte do panorama da crítica da representación de forma habitual.

Será xustamente nos anos 80 (talvez debido á museificación do vídeo e á súa conversión en "videoarte") cando este intenso debate queda esluído: os artistas renuncian ao medio televisivo, tornan completamente "apocalípticos" (que diría Umberto Eco).

A idea dunha "outra TV" desaparece ou queda reducida a experiencias minoritarias e resistentes, mentres se estende a visión da televisión como un medio de puro entretemento mirado con desdén por unha esquerda tradicional cada vez máis obsoleta, e utilizado polos gobernantes como unha institución máis do consenso imposto.

Durante esta mesma década, os 80, o estado das autonomías e a aparición dos "grandes gabinetes de propaganda" nos que converteron as televisións autonómicas, chegaron practicamente ao mesmo tempo ao estado español. ETB, a primeira en emitir, ponse en funcionamento en 1983, e máis tarde farián TV3 e TVG, seguidas de Canal Sur e outras máis tardías. Con escasa -por non dicir ningunha- tradición de independencia, os medios de comunicación públicos do estado español caracterízanse por unha estreita relación institucional, que coa chegada das televisións autonómicas evidénciase máis.

E con todo, tamén é certo que os anos 80 posibilitaron nestas televisións autonómicas a realización de formatos e experimentos audiovisuais que as décadas seguintes negarían, cargadas xa co peso do profesionalismo e a corrección política. A TV autonómica dos 80 abriu a posibilidade dunha "outra tv" ante o monopolio estatal de TVE (lembrems que as televisións privadas chegan a España en 1990), posibilitou espazos para a intervención de axentes exteriores e alleos á TV que renovaron formatos, e axudaron á normalización e ao uso das linguas propias, malia parecer bastante claro que foron instrumentos privilexiados da construción dos novos imaxinarios da "España do deseño", da modernización e o cambio, e territorios fundamentais da construción do "consenso desmemoriado" que caracterizou o proceso transicional español.

Nesta intersección entre o renovado interese que suscitan as posibilidades da TV dixital entre investigadores e artistas (non en

van no último ano asistimos a unha nova onda de exposicións e estudos sobre as relacións entre arte e o medio televisivo, como, por exemplo, *¿Estáis listos para la tv?* (2010-2011) no MACBA¹, e coa vontade "arqueolóxica" de indagar a nosa memoria colectiva recente a través do arquivo televisivo de ETB para poder albiscar os mecanismos de construción dos imaxinarios propios, sitúase ElectroClass, unha investigación sobre as posibilidades de construímos un imaxinario propio, de noso, da nova clase traballadora postradicional.

Este traballo multimedia está animado por unha vontade de continuidade xenealóxica, enlazando o noso proxecto con outros traballos sobre o medio, aprendendo de outros colectivos e persoas que reflexionaron sobre a relación da TV coas narrativas históricas, pero tamén facendo arqueoloxía propia e enlazando coa microhistoria de Consonni, xa que a mesma produtora realizou no 2000 *El gran trueque*, un proxecto con Matthieu Laurette que tomaba a televisión como escenario para evidenciar as novas lóxicas do consumo.

Con todas estas premisas de partida, comezamos a nosa investigación hai uns meses coa intención de formalizala ao longo do ano 2011 nun arquivo de entrevistas accesible publicamente, nunha serie de sete pezas curtas, unha sorte de desmontaxe do propio material do arquivo de ETB que se emitirán nunha das canles da TV autonómica vasca (ETB 3), nun seminario onde nos gustaría reunir algúns e algunhas dos nosos referentes e cómplices, e nunha programación de vídeo e cine dentro de Zinebi 2011 que amose algún destes experimentos audiovisuais realizados de/desde/en e incluso contra a TV.

Pero sempre, e como di Jacques Rancière, pensando que "A intelixencia colectiva da emancipación non é a comprensión dun proceso global de suxeición. É a colectivización das capacidades investidas nesas escenas de disenso. É a posta en marcha da capacidade de calquera, do atributo dos homes sen atributos", ou o que é o mesmo, que o noso labor crítico sobre a TV non pasa hoxe pola confrontación nin pola inxenua e estéril evidencia da fetichización que esta produciu, senón por xerar estrañamento, por tentar unha sutil e delicada desmembración da lóxica de produción do real que naturaliza o imaxinario televisivo (igual que o máis simple e reaccionario imaxinario documental) evidenciando nel os seus marcos de construción material e, en definitiva, a súa calidade ficcional.

María Ruido, xaneiro-outubro 2011
<http://workandwords.net/es/projects/view/584>

¹ Este proxecto, coproducido polo Museu d'Art Contemporani de Barcelona e o Centro Galego de Arte Contemporánea, puido verse tamén no CGAC entre o 20 de maio e o 18 de setembro do 2011 (NdaT).

■ PROYECCIONES

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)

cineclubedecompostela@gmail.com

<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ ASOCIACIÓN

O Cineclub de Compostela

tenta ser unha asociación autosexionada.

Cota mensual traballadores/as: 5 e. // Estudantes

e parados/as: 3 e. // Socios/as protectores/as: 75 e./ano